



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Función titorial e orientación académica		Código	652603002
Titulación	3 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Educación Física			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	2
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Rebollo Quintela, Nuria	Correo electrónico	nuria.rebollo@udc.es	
Profesorado	Pérez Crego, María Cristina Rebollo Quintela, Nuria Rodicio García, María Luisa	Correo electrónico	cristina.pcrego@udc.es nuria.rebollo@udc.es m.rodicio@udc.es	
Web	<a href="https://guiadocente.udc.es/docencia/professor/">https://guiadocente.udc.es/docencia/professor/</a>			
Descripción xeral	Esta materia aborda a orixe e os principios da orientación e da tutoría, así como as funcións e as actividades titoriais a desempeñar, xunto cas situacións específicas da tutoría. Así mesmo, ofrece mecanismos e estratexias para a planificación da acción titorial.			
Plan de continxencia	<p>Modalidade docente: presencial</p> <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non procede</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas, coa única modificación de que se pasa a unha docencia online, a través das plataformas da UDC.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Ningunha</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Preferentemente a través de correo electrónico, Campus Virtual e plataforma de teleformación.</p> <p>Realizarse a petición do alumnado alomenos unha vez á semana.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Ningunha</p> <p>*Observacións de avaliación: Se realizará de xeito online, si é preciso</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Ningunha</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	(CE-G5)Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas
A7	(CE-G7)Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional
A9	(CE-G9)Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia



A10	(CE-G10) Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A12	(CE-G12) Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.
A26	(CE-E12) Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidad.
A30	(CE-E16) Coñecer os procesos e recursos para a prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia (OE).
A34	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A37	(CE-P6) Exercitarse na avaliación psicopedagógica, o asesoramento a outros profesionais da educación, aos estudiantes e ás familias (OE)
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
Distinguir e aplicar os diferentes recursos e estratexias para a acción titorial.	AP5 AP7 AP9 AP12 AP26 AP30 AP34
Transferir o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse, aplicando os principios éticos á práctica profesional e persoal	AP26 AP34
Participar no deseño, implantación, seguemento e avaliación do plan de acción titorial (PAT) do centro, poñendo en práctica as competencias sociais para traballar en equipo e salvaguardar os obstáculos que vaian xurdindo	AP7 AP9 AP34
Enumarar as funcións do tutor en relación ao alumnado, familias e resto do profesorado e analizar o que isto conleva.	AP5 AP10 AP37
Definir a orientación e a titoría e as súas relacións, así como describir e identificar o modelo institucional galego de orientación.	AP5 AP9 AP10 AP37

## Contidos

Temas	Subtemas
Titoría e orientación	Aproximación conceptual e relacións
O modelo institucional galego de orientación	Aspectos organizativos e funcionais dos servicios de orientación
Funcións e actividades titoriais	* Cos estudiantes * Coas familias * Cos compañeiros
Planificación da acción titorial	O Plan de Acción Titorial (PAT)



A tutoría en situaciones específicas	* No módulo de formación en centros de trabajo. * Nos programas de cualificación profesional inicial. * Nos programas de diversificación curricular.
--------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A5 A30 A37	1	8	9
Portafolios do alumno	A5 A7 A9 A10 A26 C1 C3 C4 C7	1	11	12
Proba mixta	A5 A7 A9 A10 A30 A34 A37	1	5	6
Simulación	A7 A12 A34 A37 C1 C3 C4 C7	2	5	7
Sesión maxistral	A5 A7 A9 A10 A30 A34 C4	3	0	3
Aprendizaxe colaborativa	A7 C1 C3 C4	5	7	12
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades específicamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese emplegar como introducción xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses de contidos de carácter teórico ou práctico.
Portafolios do alumno	É un cartafol ou archivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que permite visualizar o progreso do alumno. O portafolio ou cartafol inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de trabalho e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoevaluaciones, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En tanto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en tanto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Simulación	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe.  Exponse ao alumnado ante condicións hipotéticas nas que se pon a proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase polo tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizarlas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.



Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada con el uso de medios audiovisuales y la introducción de algunas preguntas dirigidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa convxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e o dos outros membros do grupo.</p>

#### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Simulación Portafolios do alumno	<p>Se precisará un seguimiento persoal do traballo desenrolado no marco do portafolios xa que será unha peza clave na avaliación final.</p> <p>Así mesmo, se traballará de xeito directo cos pequenos grupos que se formen para desenvolver os traballos propostos.</p> <p>Como mecanismos de atención personalizada ao alumnado, se empregará preferentemente o de correo electrónico, Campus Virtual e a plataforma de teleformación.</p>

#### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Simulación	A7 A12 A34 A37 C1 C3 C4 C7	Consistirá na presentación do traballo suxerido mediante un xogo de rol.	20
Proba mixta	A5 A7 A9 A10 A30 A34 A37	Que constará de preguntas tipo test de resposta múltiple (o 40% da cualificación da proba) e preguntas de desenvolvemento con resposta breve (60% da proba).	40
Portafolios do alumno	A5 A7 A9 A10 A26 C1 C3 C4 C7	No que se recollerá a actividade realizada, a súa avaliación; así coma as reflexións xeradas no grupo. Ademais cada estudiante deberá facer unha avaliación individual da materia e o traballo realizado nela.	40

#### Observacións avaliación



**ALUMNADO ASISTENTE** Para que os estudiantes podan ser avaliados segundo a planificación anterior, deben ter unha asistencia ás sesións interactivas, do 80%. Para superar a materia é obligatorio aprobar todas as metodoloxías availables: Na proba mixta é preciso ter a lo menos o 50% de cada unha das dúas partes. No portafolios grupal tamén é necesario acadar como mínimo o 50% da calificación otorgado. No portafolios, a evaluación pode ser diferente para cada integrante do grupo xa que estará supeditada ao grao de implicación amosado por cada persoa. Na Simulación é obligatorio acadar polo menos o 50% da calificación. Deberán participar todos/as os/as integrantes do grupo para poder ser avaliados/as. No caso de non aprobar unha das metodoloxías, a cualificación final da materia será como máximo de 4 puntos.

**ALUMNADO CON MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL (DISPENSA ACADÉMICA)** O alumnado que teña recoñecida a dispensa de asistencia pola Comisión Académica do título poderá acollerse á modalidade de evaluación continua ou optar por asistir ao exame final cunha cualificación (calificación do 100% da nota).

**ALUMNADO NON ASISTENTE** O ALUMNADO QUE ASISTA A MENOS DUN 80% DAS SESIÓN INTERACTIVAS, deberá realizar un exame de carácter teórico-práctico que será o 100% da cualificación final. É preciso ter superadas as diferentes partes que componen o mesmo. A segunda oportunidade estará sometida aos mesmos criterios de evaluación que a primeira oportunidade. Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obligatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia. No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de evaluación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de evaluación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

#### Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Anaya Nieto, D. y Suárez Riveiro, J.M. (2010). Evaluación de la satisfacción del profesorado. REOP, 21 (2), 283-294</li><li>- Blanchard Giménez, M. (1997). Plan de acción tutorial en la E.S.O.. Madrid. Narcea</li><li>- Comellas, M.J (2002). Las competencias del profesorado para la acción tutorial. Barcelona: Praxis</li><li>- González-Benito, A. y Vélaz-de-Medrano, C. (Ed.) (2006). La acción tutorial en el sistema escolar. Madrid: UNED</li><li>- Grañeras, M. e Parras, A. (2008). Orientación Educativa: fundamentos teóricos, modelos institucionales y nuevas perspectivas.. Madrid: CIDE</li><li>- Martín, E. y Mauri, T. (Coords.) (2011). Orientación Educativa. Atención a la diversidad y educación I. . Barcelona: Graó</li><li>- Martín, E. y Onrubia, J.(coords.) (2011). Orientación educativa: procesos de innovación y mejora de la enseñanza. Barcelona: Graó</li><li>- Martín, E. y Solé, I. (Coords) (2011). (2011). Orientación Educativa. Modelos y estrategias de intervención.. Barcelona: Graó</li><li>- Monge Crespo, C. (2009). Tutoría y orientación educativa. Madrid:Wolters Kluwer</li><li>- Repetto Talavera, E. (2001). Tu futuro Profesional.(Una planificación de la Tutoría para cada etapa educativa de 10-18 años.). Ed CEPE. Libro del Profesor y Libro del alumno.</li><li>- Rodicio García, M.L. (2009). La función tutorial y la formación profesional en las instituciones laborales.. Madrid: Biblioteca Nueva</li><li>- Rodicio García, M.L. (2012). Diseño y evaluación de programas de orientación educativa.. Madrid: Biblioteca Nueva</li><li>- Sobrado, L., Fernández, E. y Rodicio, M.L. (2012). Orientación Educativa. Nuevas perspectivas.. Madrid: Biblioteca Nueva</li><li>- Uruñuela, P.M. (2016). Trabajar la convivencia en los centros educativos. Una mirada al bosque de la convivencia. Madrid: Narcea</li></ul>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"><li>- Santana, L. E. y Feliciano, L. A. (2006). La construcción de la acción tutorial desde las coordenadas de la investigación colaborativa. Revista de Educación, 340, 943-971.</li><li>- Santana, L. E. y Feliciano, L. A. (2006). La construcción de la acción tutorial desde las coordenadas de la investigación colaborativa. Revista de Educación, 340, 943-971.</li></ul>



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

O envío de traballos se realizará mediante plataformas virtuais. Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Atenderase á diversidade para facer as adaptacións oportunas a esta guía tanto si son suxeridas pola ADI como se son consideradas necesarias por parte das profesoras.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías